



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais

Materia	Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais			
Código	O02M066V04221			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Prada Rodríguez, Julio			
Profesorado	de Uña Álvarez, Elena Pilar Prada Rodríguez, Julio			
Correo-e	jprada@uvigo.es			
Web	http://fatic@uvigo.es			
Descrición xeral	<p>Nesta materia preténdese que os estudantes, en primeiro lugar, coñezan e apliquen as estratexias de innovación educativa básicas a partir do coñecemento da realidade actual dos sistemas educativos, da organización dos centros e do deseño e desenvolvemento do currículo.</p> <p>En segundo lugar, trata de que os estudantes adquiran coñecementos relativos á investigación educativa e as posibilidades e vías existentes para o seu desenvolvemento no actual sistema de ensino, así como sobre aqueles aspectos relativos ao deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación no ámbito das ciencias sociais, a xeografía e a historia.</p>			

## Competencias

Código	
CG3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
CG12	Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación
CG13	Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino
CG16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
CG17	Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.
CG18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidas.
CE24	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
CE25	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.

CE26	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
CT1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
CT2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
CT3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

### Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer e aplicar correctamente metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.	CG3 CG17 CG18 CE24 CE25 CT1 CT3
Analizar de modo crítico o labor docente empregando indicadores de calidade.	CG12 CG13 CG18 CE25 CE26 CT1 CT2 CT3
Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e os modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino.	CG13 CG16 CE24 CE25 CT1 CT2 CT3

### Contidos

Tema	
Tema 1: A función investigadora do docente de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.	1.1 Metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativa. 1.2 Proceso de Investigación en Ciencias Sociais, Xeografía e Historia. Tipos de deseño de Investigación. 1.3. Posibilidades das novas tecnoloxías na investigación educativa.
Tema 2: Estratexias de Innovación na ensinanza das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.	
Tema 3: Os programas de autoavaliación e mellora. Modelos de calidade e excelencia educativa.	
Tema 4: A oferta de formación institucional nos diferentes niveis educativos.	

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	10	50	60
Resolución de problemas	4	16	20
Seminario	4	6	10
Resolución de problemas de forma autónoma	8	48	56
Lección maxistral	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Traballo realizado de forma individual ou en grupo polo alumnado, orientados á resolución de cuestións, elaboración de informes ou pequenas investigacións.
Resolución de problemas	O alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.
Seminario	Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre a preparación de contidos, ao desenvolvemento das actividades e probas de avaliación e á realización dos traballos tutelados.

Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistrais.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia polo profesor.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá nas orientacións específicas, resolución de dúbidas ou problemas no desenvolvemento das secuencias de aprendizaxe.
Seminario	A atención personalizada consistirá na revisión dos exercicios, probas e traballos; na resolución de dúbidas e toma de acordos para calquer aspecto da dinámica da materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Presentación, defensa e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a bibliografía e a presentación e exposición formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecer e aplicar correctamente metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación. E planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como a orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.	50	CG3 CE25 CT1 CG12 CE26 CT2 CG13 CT3 CG16 CG18
Resolución de problemas	Presentacións/Exposicións: Exposición por parte do alumnado de cuestións relativas aos contidos da materia ou dos resultados dun traballo, proxecto, etc., ben sexa de forma individual ou en grupo.	10	CG12 CE24 CT3
Resolución de problemas de forma autónoma	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Analizar de modo crítico o labor docente empregando indicadores de calidade e coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino.	40	CG3 CE24 CT1 CG13 CE25 CT3 CG16 CG17

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá recuperar as competencias non adquiridas na primeira convocatoria mantendo a nota das probas/actividades xa superadas. Os/as estudantes que non poidan asistir a clase contarán con actividades e probas alternativas. No caso de non superar as competencias asignadas, deberán presentarse ás probas fixadas e na data prevista pola coordinación do Mestrado.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

#### Bibliografía Complementaria

- Bisquerra, R., **Metodología de la investigación educativa**, UNED, 2004
- Carrasco, J. y Calderero, J., **Aprendo a investigar en educación**, Rialp, 2000
- García, A. (coord), **Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia en la Enseñanza Secundaria**, GEU, 1997
- Latorre, A., **La investigación-acción. Conocer y cambiar la práctica educativa.**, Grao, 2003
- Liceras, A., **La investigación sobre formación del profesorado en didáctica de las Ciencias Sociales.**, 2005
- Martínez González, R., **La investigación en la práctica educativa: guía metodológica de investigación para el diagnóstico y evaluación en los centros docentes.**, MEC, 2007
- Benejam, P. y Pagés, J., **Enseñar y aprender Ciencias Sociales.**, UCE/Horsori, 1997
- Pizarro, N., **Tratado de metodología de las Ciencias Sociales**, Siglo XXI, 1998
- Prats, J., **Hacia una definición de la didáctica de las Ciencias Sociales**, GEU, 2001
- Ruíz Tarragó, F., **La nueva educación**, LID, 2007
- Sandín Esteban, M.P., **Investigación cualitativa en educación: fundamentos y tradiciones.**, McGraw Hill, 2003
- Sevillano Gracia, M.L., **Estrategias Innovadoras para una enseñanza de calidad**, Pearson, 2004
- TARBIYA, **Revista de Investigación e Innovación educativa**,

## Recomendacións

---

## Plan de Continxencias

---

### Descrición

---

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes manteranse mediante a utilización combinada de Moovi e Campus Remoto.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modifica ningunha metodoloxía docente.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

\* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

\* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de Moovi.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en Moovi.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en Moovi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

---